



CONCELLO DE BOQUEIXÓN
Forte s/n
15881 Boqueixón (A Coruña)

Teléfono: **981- 51 30 52**
Fax: **981- 51 30 00**
correo@boqueixon.dicoruna.es
C.I.F.: **P-1501200-H**

ACTA DA SESION ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO

Lugar: Casa do Concello
Día: 17 de marzo de 2016
Hora de comezo: 14.20 h
Hora de remate: 14.45 h

ASISTENTES:

Don Ovidio Rodeiro Tato
Don Manuel Fernández Munín
Dona M^a Carmen Botana Cebeiro

AUSENTES:

Don Jesús Sanjuás Mera

No salón de sesións da casa do concello presidindo o alcalde, don Ovidio Rodeiro Tato, reuníronse os concelleiros que se relacionan anteriormente, asistidos pola secretaria – interventora, dona Elena Suárez Rodríguez, co fin de realizar a sesión da Xunta de Goberno, previamente convocada cos requisitos legais.

ORDE DO DIA

- 1. Aprobación da acta anterior**
- 2. Arquivo expediente de reclamación de contía por danos ocasionados nun poste e farol público no lugar de Santaia-Codeso**
- 3. Requirimento de limpeza de leiras no lugar de xxxxx – Sergude**
- 4. Pagamento do canon de saneamento dos consumos municipais**
- 5. Devolución de avais**
- 6. Aprobación de facturas**
- 7. Aprobación dos prezos públicos das actividades previstas na programación da xanela marzo-abril 2016**
- 8. Licenza urbanística**
- 9. Levantamento da suspensión de demolición das obras de ampliación dunha estabulación existente no lugar de xxxxx – Vigo**
- 10. Solicitude financiamento para a prestación dos servizos sociais comunitarios, ano 2016**
- 11. Baixas no programa de alimentos**

12. Xustificación subvención para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego , ano 2015
13. Xustificación subvención plurianual para a mellora das coleccións bibliográficas da biblioteca municipal
14. Xustificación subvención “Mellora e acondicionamento de parques infantís en Codeso e Lestedo”. Ano 2015
15. Punto de urxencia
16. Rogos e preguntas

DELIBERACIÓNS

1. Aprobación da acta anterior

Por unanimidade dos asistentes acórdase aprobar a acta da sesión ordinaria que tivo lugar o día 3 de marzo do 2016.

2. Arquivo expediente de reclamación de contía por danos ocasionados nun poste e farol público no lugar de Santaia-Codeso

Con data 12 de novembro de 2015, número de rexistro de saída 15/1035, comunícaselle á compañía de seguros Mapfre Seguros Familiar, que o tractor matrícula xxxxx e remolque matrícula xxxxx, asegurados na súa compañía, cando circulaban pola pista municipal que transcorre polo lugar de Santaia – Codeso destrozaron un poste e farol de alumeado público.

Reclámaselle á citada compañía de seguros o aboamento dos custos do arranxo do poste e farol de alumeado público, que según o presuposto do arranxo realizado pola empresa adxudicataria do servizo de alumeado público ascende a 2.260,57 euros.

Na Xunta de Goberno do 3 de decembro do 2015 acordouse aprobar a valoración do arranxo do poste e farol de alumeado público destrizados na pista municipal de Santaia-Codeso, por importe total de 2.260,57 euros e comunicarlle á empresa de seguros Mapfre Seguros Familiar e o propietario do tractor e do remolque que deberán proceder co aboamento dos custos do arranxo do poste e farol de alumeado público destrizados.

Con data 28 de decembro do 2015, número de entrada 15/2476 a compañía de seguros Mapfre Seguros Familiar, alega que:

“1.O vehículo ten unha altura máxima de 3,70 metros polo que o enganchar os cables en cuestión é evidente que estes pendían a unha altura inferior á permitida, o que non é responsabilidade achacable ó condutor asegurado.

2.O concello parece entender que se atopa ante un expediente de responsabilidade patrimonial da Administración, é máis evidente que non se trata dun suposto de responsabilidade patrimonial, institución referida á responsabilidade da propia Administración polos prexuízos derivados do funcionamento normal ou anormal do servizo público, regulada nos artigos 139 e ss da la Lei 30/1992.

Encontrámonos con un suposto de responsabilidade civil extracontractual do condutor do vehículo (artigo 1902 do código civil), competencia dos xulgados e tribunais do orde civil, ante os cales o concello acudirá en caso de disconformidade das partes.”

Na Xunta de Goberno do 18 de febreiro do 2016 acordouse rexeitar a alegación presentada pola compañía de seguros Mapfre Seguros Familiar, iniciar o expediente de execución subsidiaria e en consecuencia coa reposición do poste e farol destrozados en Santaia-Codeso polo remolque matrícula xxxx do tractor matrícula xxxxx, propiedade de don Julián xxxxx e que o propietario, ou ben a compañía aseguradora do tractor e remolque, aboen ó Concello de Boqueixón a contía da reposición dos danos ocasionados, que ascenden a un total de 2.260,57 euros.

Mediante escrito que tivo entrada no concello o 1 de marzo do 2016 co número de entrada 16/406, a compañía de seguros Mapfre Seguros Familiar comunica que ordenaron transferencia bancaria a favor do concello por importe total de 2.260,57 €.

Con data 1 de marzo do 2016, dita contía é ingresada mediante transferencia bancaria na conta do concello.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

1. Arquivar o expediente aperturado neste concello contra o propietario do remolque matrícula xxxxx, do tractor matrícula xxxxx, don Julián xxxxx e a compañía de seguros Mapfre Seguros Familiar, por proceder co aboamento da contía da reposición dos danos ocasionados no poste e farol de alumeadado público no lugar de Santaia-Codeso, por importe total de 2.260,57 euros.
2. Dar traslado deste acordo á empresa encargada do mantemento da iluminación pública do Concello de Boqueixón “Montaxe Eléctricos Fernández” para que proceda coa reposición do poste e farol destrozados en Santaia-Codeso.

3. Requirimento de limpeza de leiras no lugar de Eirexe – Sergude

Posto que xurden dúbidas sobre a titularidade das parcelas, no senso de se están ou non embargadas, deixase este punto sobre a mesa, en base á clarificación da titularidade das mesmas.

4. Pagamento do canon de saneamento dos consumos municipais

A empresa Espina y Delfin,SL presenta no rexistro FACE as facturas correspondentes ó canon de saneamento referido ós consumos municipais do ano 2015 dos seguintes edificios ou infraestruturas do concello:

Edificios ou infraestruturas municipais	Importe canon 2015
Casa da Cultura de Camporrapado	151,74
Campo da festa de S. Benito	19,17
Campo da festa de Sergude	6,99
Casa do Concello	291,60
Centro de saúde de Lestedo	42,84

Centro de saúde do Forte	40,23
Escola Unitaria de Lestedo	15,40
Escola Unitaria de Sergude	13,95
Escola Infantil Raiña Lupa – Gardería	85,03
Igrexa de Donas	11,92
Igrexa de Ledesma	13,95
Igrexa de Lestedo	17,14
Igrexa de Codeso	11,34
Igrexa de Sucira	9,31
Local parroquial de Oural	12,79
Local Social da Granxa	8,73
Local Social de Codeso	126,96
Local Social de Gastrar	6,12
Local Social de Lamas	7,57
Local Social de Ledesma	7,86
Local Social de Loureda	6,41
Local Social de Loureiro	6,12
Local Social de Sergude	87,25
Local Social de Vigo	7,28
Piscinas municipais	52,12
Punto Limpo	7,57
	1.067,39 euros

A suma das cantidades especificadas nas facturas correspondentes a cada un dos lugares onde existe consumo de auga acada a cantidade de 1.067,39 euros.

Segundo a lei 9/2010 de de 4 de novembro e o decreto 136/2012 de 31 de maio esta entidade está obrigada a facer o pagamento do canon polos correspondentes consumos,

Polo tanto a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar o pagamento do canon de saneamento e/ ou vertedura de auga correspondente ó ano 2015 e que acada o importe de 1.067,39 euros

Facer o pagamento a Espina y Delfín para que lle sexa aboado o canon á correspondente consellería

5. Devolución de avais

No pasado ano, a empresa Oviga,SL realizou varias obras dos plans provinciais do POS 2014 e DTC 93. Para cada obra que se lle adxudicou, tivo que presentar un aval pola contía correspondente ó 5% do prezo de adxudicación e transcorrido o prazo dun ano desde a recepción da obra, o aval será devolto sempre e cando o director facultativo das obras informe sobre o estado das mesmas. Se este fora favorable, procederase á devolución ou cancelación da garantía, tal e como di o art. 235.3 do TRLCSP.

Polo tanto, a Xunta de Goberno acorda:

- Devolver o aval presentado pola empresa OVIGA,SL para a realización da obra do Plan POS 2014, denominada “ Senda peonil para seguridade vial na Corna (Camporrapado) por un importe de 4.455,03 euros. Consta o informe do director técnico da obra informando favorablemente a súa devolución

- Devolver o aval presentado pola empresa OVIGA,SL para a realización da obra do Plan DTC93, denominada “Reparación camiño da Igrexa – Cruce do Castelo (Lestedo) e outros” por un importe de 1.520,90 euros. Consta o informe do director técnico da obra informando favorablemente a súa devolución.
- Devolver o aval presentado pola empresa OVIGA,SL para a realización da obra do Plan DTC93 denominada “ Reparación camiño de cruce de Gastrar a cruce de Vigo e outro” por un importe de 2.156,92 euros. Consta o informe do director técnico da obra informando favorablemente a súa devolución.
- Devolver o aval presentado pola empresa OVIGA,SL para a realización da obra do Plan DTC93 denominada “ Reparación camiño subida a Quián – Sergude e outro” por un importe de 2.113,94 euros. Consta o informe do director técnico da obra informando favorablemente a súa devolución.

6. Aprobación de facturas

A Xunta de Goberno acorda aprobar seguinte relación de facturas que serán aboadas con cargo ó presuposto do ano 2016, por un importe total de 55.442,91 euros.

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	Sogama, SA – Tratamento RSU mes de febreiro	162.3.212.00	7.711,99
2	Liquidación de gastos de José Gonzalo Torres Gil – factura ITV Nissan Terrano 5771 DFF	135.213.00	46,35
3	Pycadilly School of English, SL – Curso de inglés mes de febreiro – Contrato servizo	334.226.09	1.820,00
4	Pycadilly School of English, SL – Curso de inglés mes de xaneiro – Contrato servizo	334.226.09	1.764,00
5	El Sol, droguería – Materiais para mantementos municipais	920.212.00	266,20
6	Atendo Calidade, SL – Custo servizo dependencia mes de febreiro	231.227.99	23.590,83
7	Atendo Calidade, SL – Custo servizo libre concorrência mes de febreiro	231.227.99	1.975,83
8	Telemiño,SA – Promoción xornadas gastronómicas Festa da Filloa 2016- Acordo XdeG 21/01/16	432.226.00	544,50
9	Manuel Botana Granja – Materiais mantementos municipais	920.212.00	49,80
10	Ulla Oil, SL – Gasóleo A para depósitos municipais	135.213.00	2.565,00
11	Ulla Oil,SL – Gasóleo C para local social de Loureda	920.221.03	240,00
12	Gasóleos S. Benito, SL – Gasóleo A para depósitos municipais e gasóleo C para Centro médico de Lestedo	920.221.03	2.920,00
13	Ferrecal, SA – Materias para o servizo abastecemento auga	161.221.99	343,06
14	Fornecementos galegos, SL – Custo mantemento fotocopiadoras mes de marzo	920.213.00	420,63
15	Compostela Digital, SL – Toner oficinas xerais	920.213.00	76,63
16	Liquidación de gastos de Tetiana Andriushko- Gastos desprazamento voluntaria europea	920.230.20	23,30
17	Autoeléctrico Sergude, SC – Arranxo vehículos municipais	135.213.00	39,45
18	Autoeléctrico Sergude,SC – Arranxo camión do lixo	162.1.213.00	130,53
19	Repsol Butano, SA – Subministro gas para pavillón e campo de fútbol	342.212.00	243,75
20	Matilde Calvo Suárez – Servizo terapia ocupacional mes de febreiro- contrato de servizo	231.227.99	418,95
21	Gesauto – Transferencia vehículo 2658-JFZ	920.227.99	98,22

22	Otero Caritón,SL – Cubre volante e filtros de aire para maquinaria municipal	135.221.00	78,31
23	Comercial Sánchez y Torres, SC – Arranxo cortacésped e maquinaria xardín	171.210.00	85,74
24	Ulla Oil, SL – Gasóleo C para centro médico do Forte	920.221.03	490,00
25	Trofeos Económicos- Trofeos entregados na IV carreira da Filloa	341.226.09	170,83
26	Ascensores Enor,SA – Mantemento ascensor mes de marzo	920.213.00	77,08
27	Gas Natural Servicios SDG, SA – Custo electricidade bombeo Donas do 2/01/16 ó 1/02/16	161.221.99	1.570,96
28	CHC Energía – Consumo eléctrico local social de Vila do 31/12/15 ó 29/02/16	165.221.00	195,77
29	CHC Energía – Consumo eléctrico casa da cultura de Camporrapado do 1/01/16 ó 1/02/16	165.221.00	258,92
30	Liquidación de gastos de Ovidio Rodeiro Tato por asistencia a xuntanzas e locomoción	920.230.20	105,46
31	Gasóleos S.Benito,SL – Gasolinas maquinaria municipal	171.221.03	127,91
		Importe	48.426,70

A continuación transcríbense as facturas domiciliadas e aboadas con cargo ó ano 2016

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
32	Correos y Telégrafos, SA – Servizo de correos mes de febreiro	920.222.01	231,21
33	Telefónica España, SAU – Consumo internet obradoiro de emprego 18/01/16 ó 17/02/16	920.22200	42,35
34	Telefónica España, SAU – Consumo móbiles do 18/01/16 ó 17/02/16	920.22200	13,26
35	Telefónica España, SAU – Consumo telefónico fax+móbiles –fusión do 18/01/16 ó 17/02/16	920.22200	446,37
36	Estudio Técnico Gallego, SA – Asistencia técnica urbanística mes de febreiro	151.227.00	1.917,85
37	Montaxes Eléctricos Fernández, SL – Mantemento alumeado público mes de febreiro	165.210.00	3.771,17
38	Compostela Digital, SL – Mantemento informático mes de febreiro	920.216.00	594,00
		Importe	7.016,21

A continuación reflíctense as facturas de Gas Natural S.U.R SDG, SA pertencentes a distintos alumeados públicos e que suman un total de 2.015,47 euros

Empresa	Concepto	Partida	Importe
GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	Consumo alumeado público	165.221.00	114,33
GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	Consumo alumeado público	165.221.00	54,57
GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	Consumo alumeado público	165.221.00	132,30
GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	Consumo alumeado público	165.221.00	415,86
GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	Consumo alumeado público	165.221.00	455,99
GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	Consumo alumeado público	165.221.00	37,33
GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	Consumo alumeado público	165.221.00	302,36
GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	Consumo alumeado público	165.221.00	369,41
GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	Consumo alumeado público	165.221.00	2,26
GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	Consumo alumeado público	165.221.00	131,06
		Total	2.015,47

A continuación reflíctense as facturas de Gas Natural Servicios SDG, SA pertencentes a distintos alumeados públicos e que suman un total de 2.565,62 euros

Empresa	Concepto	Partida	Importe
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	Consumo alumado público	165.221.00	482,38
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	Consumo alumado público	165.221.00	710,33
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	Consumo alumado público	165.221.00	291,62
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	Consumo alumado público	165.221.00	514,78
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	Consumo alumado público	165.221.00	499,78
GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	Consumo alumado público	165.221.00	66,73
		Total	2.565,62

Con cargo ó orzamento do ano 2015

A Xunta de Goberno acorda aprobar a seguinte relación de facturas que se aboarán con cargo ó presuposto do ano 2015 por un importe de 3.218,72 euros.

Empresa	Concepto	Partida	Importe
GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	Consumo alumado público	165.221.00	120,49
GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	Consumo alumado público	165.221.00	276,04
GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	Consumo alumado público	165.221.00	89,06
GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	Consumo alumado público	165.221.00	354,37
GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	Consumo alumado público	165.221.00	288,45
GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	Consumo alumado público	165.221.00	244,96
GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	Consumo alumado público	165.221.00	230,44
GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	Consumo alumado público	165.221.00	250,28
GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	Consumo alumado público	165.221.00	156,48
GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	Consumo alumado público	165.221.00	202,29
GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	Consumo alumado público	165.221.00	160,53
GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	Consumo alumado público	165.221.00	72,13
GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	Consumo alumado público	165.221.00	203,18
GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	Consumo alumado público	165.221.00	153,29
GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	Consumo alumado público	165.221.00	46,17
GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	Consumo alumado público	165.221.00	23,46
GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	Consumo alumado público	165.221.00	124,68
GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	Consumo alumado público	165.221.00	2,35
GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	Consumo alumado público	165.221.00	135,19
GAS NATURAL S.U.R.SDG, S.A.	Consumo alumado público	165.221.00	84,88
		Total	3.218,72

Aprobación de facturas con cargo a subvencions

Subvención Festa da Filloa

Con data 11 de marzo, o alcalde realizou un informe sobre das facturas que se emitiron con ocasión da organización do evento da Festa da Filloa 2016, e que algunhas delas serán imputadas á subvención concedida pola Axencia de Turismo. Polo tanto a continuación reflíctense as seguintes facturas que a Xunta de Goberno acorda aprobar:

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	Pulpería Fuentes – 33 comidas institucionais da Festa da Filloa	432.226.00	594,00
2	Producciones audiovisuales Sete Media, SL – Promoción turística Festa da Filloa, emisión programa Aquí Galicia	432.226.00	726,00
3	Salgueiral,SL – Mandiles Festa da Filloa de Lestedo	432.226.00	259,01
4	Teovivo- Publicidade Festa da Filloa no xornal	432.226.00	121,00
5	Editorial Compostela,SA – Campaña promocional Festa da Filloa 2016	432.226.00	1.541,54
		Total	3.241,55

2. Imputar as seguintes facturas á subvención concedida pola Axencia de Turismo de Galicia para a promoción da Festa da Filloa 2016:

Núm.	Proveedor	Partida	Importe
1	Salgueiral,SL – Mandiles Festa da Filloa de Lestedo	432.226.00	259,01
2	Teovivo- Publicidade Festa da Filloa no xornal	432.226.00	121,00
3	Editorial Compostela,SA – Campaña promocional Festa da Filloa 2016	432.226.00	1.541,54
		Total	1.921,55

Subvención voluntariado europeo

Con data 5 de agosto de 2015, o Instituto de la Juventud comunica a concesión dunha axuda para a realización dun programa de acción comunitaria por un importe de 6.395,00 euros. Con esta axuda fanse os pagamentos dos gastos que a voluntaria Tetiana Andriushko ocasiona con motivo da prestación dos servizos de voluntariado neste concello.

O día 15 de marzo, ten entrada unha factura polo concepto do billete de avión de regreso ó seu país da dita voluntaria por importe de 170,01 euros.

Por isto, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a factura núm. FAO1366, emitida por Grupo Viajes Jelbal, SL polo concepto de billete de avión, servizo de voluntariado europeo a nome de Tetiana Andriushko por importe de 170,01 euros.

Imputar este gasto á subvención concedida para o efecto.

7. Aprobación dos prezos públicos das actividades previstas na programación da xanela marzo-abril 2016

Vista a “Ordenanza reguladora dos prezos públicos por servizos ou actividades promovidas polo Concello de Boqueixón nas áreas de cultura, deporte, xuventude e servizos sociais” aprobada no Pleno ordinario do día 14 de marzo de 2012, a Xunta de Goberno Local , acorda:

1º) Aprobar os seguintes prezos públicos para as actividades previstas na programación de marzo-abril 2016 :

- Semana Activa: 10 €/participante (Días 21,22,23 e 28 de marzo)

- Coñece Galicia: Circuito termal e visitas: 25 € (inclúe balneario, desprazamentos, comida, visitas...)

2º) Publicar estes prezos na Xanela marzo-abril 2016 e na páxina web do concello.

8. Licenza urbanística

ANTECEDENTES:

Con data do 22/09/2015 (registro de entrada núm. 15/1829), por dona María Isabel xxxxx, con DNI nº xxxxx, preséntase un proxecto técnico, asinado polo enxeñeiro técnico industrial don Jesús Manuel Mallo Puga, para a construción dun galpón para almacenaxe de produtos agrícolas, na parcela con referencia catastral 15012B514000790000LB, no lugar da xxxxx, na parroquia de Codeso, e emprazado urbanísticamente en Solo de Núcleo Rural.

Con data do 13/10/2015, a técnica municipal emite un **informe técnico, favorable condicional**, no que obrigan ao promotor a presentar un anexo coas modificacións sinaladas neste.

Con data do 16/10/2015 (registro de saída 15/945, de data do 20/10/2015), por parte da Alcaldía, ponse en coñecemento de dona M. Isabel xxxxx o contido do informe técnico, dándolle traslado dunha copia do mesmo. Comunícanse ademais os importes da taxa e do Imposto municipal por construcións, instalacións e obras (ICIO), que deberá liquidar, segundo as ordenanzas correspondentes, así coma tamén se lle envía modelo de cesión municipal para asinar e unir ao expediente.

Con data do 17/12/2015, (registro de entrada 15/2472, de data 23/12/2015), polo promotor preséntase un anexo coas modificacións ao proxecto, en base ao informe técnico emitido.

Con data do 13/01/2016, ten entrada nestas dependencias municipais unha copia da solicitude de autorización para obras ou instalacións en terreos de influencia na estrada, ante a Consellería de Medio Ambiente, territorio e infraestruturas.

Con data do 14/01/2016, por María Carmen Novoa Sío, arquitecta, dos Servizos Técnicos Urbanísticos Municipais, emítese o **informe técnico favorable**, no que se fai constar que as actuacións previstas atópanse, de xeito parcial, na zona de afección da estrada AC-240, polo que será necesaria autorización do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas. As condicións establecidas no seu informe serán de obrigado cumprimento, polo que, se fose necesario, deberá adaptarse o proxecto para xustificar o seu cumprimento.

Con data do 24/02/2016, polo Servizo de Infraestruturas de A Coruña, emítese a autorización correspondente, para as obras que se pretenden.

Con data do 15/03/2016, emítese informe xurídico, no que se sinala que o expediente tramitouse de conformidade coa legalidade urbanística.

Consta no expediente a xustificación do ingreso da taxa, pola solicitude da licenza municipal de obras, por importe de 61,62 € (ingresada aos efectos con data do 12/11/2015), a cesión municipal correspondente, asinada polos propietarios; así como o oficio de Dirección de Obra e o de Coordinador de Seguridade e Saúde durante a execución de obra. Polo que, unha vez o expediente completo, a Xunta de Goberno acorda:

Primeiro:

Conceder, a D. María Isabel xxxxx, a licenza municipal de obras, para a “*construción dun galpón para almacenaxe de produtos agrícolas*”, sito no lugar da xxxxx, na parroquia de Codeso, salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo a terceiros e coas seguintes condicións:

a.-) Condicións particulares:

01. Núm. do expediente: 15/1829
02. Promotor da licenza: MARÍA ISABEL XXXXX
03. DNI do promotor: XXXXX
04. Clasificación urbanística: SOLO DE NÚCLEO RURAL
05. Tipo de Obras: CONSTRUCCIÓN DE GALPÓN PARA ALMACENAXE DE PRODUCTOS AGRÍCOLAS
06. Situación e emprazamento: XXXXX – CODESO
07. Taxa pola solicitude da licenza: 61,62 €
08. Orzamento de execución material das obras: 4.000,00 €
09. Liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (I.C.I.O.): 100,00 €
10. Técnico autor do proxecto: JESÚS MANUEL MALLO PUGA. Enxeñeiro Técnico Industrial
11. Prazos de execución:
 - Para comezar as obras: SEIS MESES
 - Para terminar as obras: TRES ANOS

b.-) Condicións especiais:

12. Deberanse cumprir tódalas condicións establecidas na Resolución da Axencia Galega de Infraestruturas, de data 24 de febreiro de 2016.
13. Durante a execución das obras, tomaranse as medidas de seguridade e saúde necesarias.
14. De ser necesaria a colocación de andamios, estes deberán ser homologados.
15. Deberanse cumprir tódalas condicións impostas no proxecto técnico e toda a documentación complementaria presentada, que serve de base para a concesión desta licenza.

Segundo:

Aprobar, a liquidación dos dereitos municipais, por importe de 100,00 €, e que deberán ser ingresados nas arcas municipais.

Pago da liquidación:

Na tesourería deste Concello, en horas de oficina, ou ben na seguinte conta bancaria, aberta a nome do “Concello de Boqueixón.”

- Conta Nº: XXXXX - ABANCA (Lestedo - Boqueixón).

9. Levantamento da suspensión de demolición das obras de ampliación dunha estabulación existente no lugar de xxxxx – Vigo

Antecedentes:

Con data do 05/09/2012, a Xunta de Goberno Local do Concello de Boqueixón, acordou o seguinte:

- 1- Suspender a execución da demolición das obras de ampliación dunha estabulación existente no lugar de xxxxx – Vigo, propiedade de D. José xxxxx, acordada na xunta de goberno celebrada o 21 de marzo de 2012, ata que se dicte a correspondentes sentenza Xudicial.
- 2- Comunicar este acordo a don José xxxxx e a dona Mercedes xxxxx

Con data do 16 de febreiro de 2016, con rexistro n.º: 16/301, tivo entrada neste concello a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Sección 2ª (apelación), de data do 21 de xaneiro de 2016, cuxo fallo se transcribe a continuación:

*Que procede, de conformidade co tenor dos artigos 33,2; 68,1 a); 81,1 a) “a contrario sensu”, e 85,4 e 9 da Lei núm. 29/98, de 13 de xullo, a inadmisión de aquela apelación formulada por aquela Representación Legal de DON JOSÉ XXXXX contra aquela precedente e inicial Sentenza núm. 091/15, de 26 de febreiro, ditada por aquel Ilmo. Sr. Maxistrado- Xuíz titular do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 2 de Santiago de Compostela (A Coruña), pola que se lle desestimou a impugnación contenciosa contra a Resolución de data do 21 de marzo de 2012, ditada pola Xunta de Goberno Local do Excmo. Concello de Boqueixón (A Coruña), pola que se acordou a demolición de aquela construción estabular de gando vacún, desprovista de licenza ou autorización algunha e sita no lugar de xxxxx-Vigo-Boqueixón (A Coruña)outorgándosele ao efecto o prazo dun (1) mes ao fin de que se presentase pola súa parte o correspondente proxecto de execución demolitoria, con expresa advertencia en caso de omisión ao respecto de eventual execución subsidiario-demolitoria e “ex-oficio” por parte da dita Administración municipal ou alternativa e sucesiva imposición de multas coercitivas por importe de MIL (1.000) EUROS a DEZ MIL (10.000) EUROS cada unha e inclusive eventualmente reiterables ata a completa execución de aquel tenor demolitorio, no caso da súa voluntaria inexecución “exparte” ao efecto e sen que, desde logo, poida formular agora especial imposición de gastos e costas procesais nin proceder tampouco con arranxo a aquel criterio do vencemento “ad-quen”, contenido no artigo 139,2 de aquela Norma legal contencioso-administrativa anteriormente reseñada, habida conta o presente pronunzamento inadmisorio e a inexistencia de mala fe ou temeridade procesal algunhas. Con arranxo ao expreso tenor do artigo 86,1 a) “a contrario sensu” da dita Lei núm. 29/98, de 13 de Xullo, **non cabe interpoñer recurso ordinario algún contra a presente Sentenza.***

Vista a Sentenza achegada, contra a que non cabe a interposición de ningún recurso ordinario, a Xunta de Goberno acorda:

- 1- Levantar a suspensión da execución da demolición das obras de ampliación dunha estabulación existente no lugar de xxxxx – Vigo, propiedade de D. José xxxxx, acordada na xunta de goberno celebrada o 21 de marzo de 2012.
- 2- Demoler as obras consistentes na ampliación dunha estabulación existente, cun ancho de 5 m. e un longo de 17 m.; resultando unha superficie aproximada de 85 m², deixando unha distancia de 5 m. ao lindeiro sur do predio, executadas na parcela 740; no polígono 203; no lugar de xxxxx (Vigo).
- 3- Ordenar a demolición das referidas obras, e darlle un prazo de un (1) mes, para que proceda coa citada demolición.
- 4- No caso de incumprimento da orde de demolición, esta Administración procederá á execución subsidiaria da mesma, ou a execución forzosa mediante a imposición de

multas coercitivas, reiterables mensualmente ata lograr a execución polo suxeito obrigado, en contía de 1.000 a 10.000 euros cada unha.

10. Solicitude financiamento para a prestación dos servizos sociais comunitarios, ano 2016

O Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o eu financiamento, que ven a substituír a orde de convocatoria anual de subvencións para a prestación de servizos sociais polas corporacións locais, modifica substancialmente a forma de financiamento e define os equipos de servizos sociais segundo o número de habitantes e áreas urbanas, metropolitanas, semiurbanas, rurais e rurais de alta dispersión. Boqueixón é, segundo esta nova clasificación, unha área semiurbana 2 (Anexo I do Decreto).

No artigo 34 defínense tipos de equipo profesional de servizos sociais comunitarios básicos, establecendo no anexo II a dotación de persoal técnico segundo o tipo de concello e área, correspondendo por número de habitantes a este Concello unha Unidade de Traballo Social que asegura a presenza dun ou dunha traballador ou traballadora social.

Segundo o artigo 31 do capítulo V, as deputacións provinciais apoiarán prioritariamente o financiamento do SAF básico aos concellos de menos de 20.000 habitantes, así como o financiamento aos ditos concellos para a contratación de persoal técnico dos equipos municipais de servizos sociais con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do profesional de referencia (Traballador/a Social) que se regula no artigo 37 deste decreto.

O capítulo VIII, art. 40, establece como fontes de financiamento dos servizos comunitarios:

- Créditos consignados nos orzamentos das entidades locais titulares dos servizos.
- Achegas realizadas polas deputacións provinciais de acordo co establecido no artigo 31 do decreto.
- Achegas realizadas pola Xunta de Galicia.
- Recursos financeiros xerados polos ingresos en concepto de copagamento dos servizos que realicen as persoas usuarias, de conformidade coa normativa sectorial de aplicación.
- Calquera outra achega pública ou privada destinada a este fin.

O artigo 41 regula os aspectos xerais do financiamento por parte da Xunta de Galicia, que cofinanciará as corporacións locais mediante transferencias finalistas. Serán financiáveis os seguintes gastos:

-Retribucións de persoal

-Gastos derivados da prestación de axuda no fogar (para persoas dependentes reguladas no artigo 58).

- Gastos de xestión e realización doutros programas.

O artigo 58, establece o financiamento, pagamento e xustificación do servizo de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia valoradas con dereito a atención recoñecida. Para este fin pon en funcionamento unha aplicación informática denominada SIGAD que xestiona os expedientes e listas do SAF de dependencia, intensidades

horarias, etc. Na Xunta de Goberno que tivo lugar o día 20 de outubro de 2010, acordouse a adhesión deste concello ao dito convenio. En virtude do mesmo a Xunta de Galicia transfire trimestralmente ás corporacións locais as cantidades que correspondan ao SAF por dependencia en función das horas efectivamente prestadas e segundo os criterios para o financiamento do SAF recollidos no anexo III do decreto (9,7€ por hora efectiva de atención xustificada a persoas con PIA de SAF).

No artigo 61 do decreto tamén se regula a participación no financiamento do servizo de axuda no fogar das persoas dependentes valoradas con dereito recoñecido para SAF dependencia, así como doutros servizos básicos.

Con base no establecido neste Decreto e tendo en conta o artigo 50, que regula o cofinanciamento municipal dos gastos correntes derivados da prestación de servizos sociais comunitarios, os concellos de menos de 20.000 habitantes, achegarán o 20% do total do proxecto solicitado á Xunta, incluíndo en dita achega do 20% o financiamento da Deputación, copago das persoas usuarias, etc.

A petición para persoal do ano 2016 realízase con base nas cantidades concedidas pola Xunta no ano 2015 (tendo en conta o número de habitantes deste Concello só se financia a figura profesional da traballadora social xa que o resto de persoal debe ser cofinanciado con cargo á Deputación Provincial da Coruña).

No relativo ao servizo de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia, solicítase a contía necesaria en función da asignación mensual de horas actuais a este Concello (1715 horas ao mes), podendo sufrir variacións en función das altas e baixas que se vaian producindo ao longo do ano.

Con base ao establecido no *Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento*, a Xunta de Goberno acorda:

- Solicitar á Consellería de Traballo e Benestar a transferencia finalista para o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, regulada no *Decreto 99/2012, do 16 de marzo*, publicado no *Diario Oficial de Galicia* n.º 63 do día 30 de marzo, *polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento*.
- Que o importe total do financiamento solicitado, segundo se reflicte neste resumo xeral é de **257.263,44 €**, co seguinte detalle:
 - **Persoal:** 15013 €
 - **Mantemento:** 600 €
 - **Axuda no fogar para persoas dependentes:** 199626 €
 - **Xestión de programas:**
 - Escola Infantil Municipal: 36824,44 €
 - Xantar na Casa: 5200 €
- Continuar prestando nas mesmas condicións que no ano anterior os servizos sociais comunitarios municipais.

- Adoptar o compromiso de cofinanciar o mantemento e o desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal incluídos no proxecto presentado para a solicitude de financiamento para o ano 2015.

11. Baixas no programa de alimentos

A Xunta de Goberno acorda baixas definitivas no *Plan de axuda ás persoas máis desfavorecidas* (“alimentos Cruz Roja”).

12. Xustificación subvención para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego , ano 2015

Con data do 31 de decembro de 2014, sae publicado no DOGA número 250 a Orde do 23 de decembro de 2014 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2015.

Con data do 29 de xaneiro de 2015 solicítase dita subvención coa finalidade de levar a cabo todas aquelas actuacións en medidas de información, acompañamento, motivación e asesoramento que, tendo en conta as circunstancias persoais da persoa beneficiaria, lle permitan determinar as súas capacidades e intereses e xestionar a súa traxectoria individual de aprendizaxe, a busca de emprego ou a posta en práctica de iniciativas empresariais.

Con data de rexistro de entrada no Concello de Boqueixón do 1 de xuño de 2015, recíbese a notificación da resolución favorable, por un importe de 20.000 €, relativa á contratación de 1 persoa técnica por un período de 12 meses, dende o 1 de febreiro de 2015 ata o 31 de xaneiro de 2016.

Tendo en conta que o concello contratou a unha técnico durante o período subvencionado e que se prestou o servizo de información, orientación e prospección de emprego de xeito satisfactorio, e tendo en conta, así mesmo, que o prazo para a presentación da xustificación remata o 31 de marzo de 2016.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda:

A) Comunicar á Dirección Xeral de Promoción e Orientación Laboral da Consellería de Economía, Emprego e Industria:

1. Que se cumpriu a finalidade da subvención concedida pola Consellería de Economía, Emprego e Industria por un importe de 20.000€ para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2015.
2. Que a subvención recibida para o desenvolvemento das accións de información, orientación e prospección de emprego do expediente de referencia, destinouse aos fins para os cales se concedeu e de acordo coa normativa aplicable a esta.
3. Que non se recibiu ningún outro ingreso ou subvención para a financiación da actividade subvencionada.
4. Que os pagos efectuados dende o 1 de febreiro de 2015 ata o 31 de xaneiro de 2016, ao persoal técnico orientador, se corresponden co seguinte desglose:

MES	CUSTOS SALARIAIS MENSUAIS (1)			CUSTOS SEG. SOCIAL MENSUAIS (2)			TOTAIS
	SALARIO BRUTO (inc.pluses salariais)	P.P.PAGAS EXTRAS	CUSTO SALARIAL MENSUAL (A)	% COTA PATRONAL Á SEGURIDADE SOCIAL	CNAE/ OCUPACIÓN	COTA PATRONAL Á SEG.SOCIAL (B)	TOTAL CUSTO MENSUAL (A+B)
FEBREIRO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
MARZO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
ABRIL	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
MAIO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
XUÑO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
XULLO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
AGOSTO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
SETEMBRO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
OUTUBRO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
NOVEMBRO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
DECEMBRO	1.081,44	180,24	1.261,68	32,10%	A	405,00	1.666,68
XANEIRO	1.135,35	189,23	1.324,58	32,10%	A	425,19	1749,77
TOTAL			15.203,06			4.880,19	20.083,25

B) Aprobar a memoria xustificativa.

13. Xustificación subvención plurianual para a mellora das coleccións bibliográficas da biblioteca municipal

Con data 7 de xullo de 2015 por Resolución de alcaldía solicitouse á Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria unha subvención plurianual para a mellora das coleccións bibliográficas da biblioteca municipal ó amparo da Orde do 22 de xuño de 2015 (DOG núm. 126 de 7 de xullo de 2015).

Con data 8 de outubro de 2015 (DOG núm. 204 de 26 de outubro de 2015), publícase a resolución das subvencións concedidas á Biblioteca municipal de Boqueixón correspondentes a:

- exercicio 2015: 606,42 €
- exercicio 2016: 503,14 €
- TOTAL: 1.109,56 €

Para xustificar a contía concedida correspondente ao exercicio de 2016, o gasto realizado deberá estar comprendido entre o 01/01/2016 e o 01/04/2016.

Por todo isto, a Xunta de Goberno acorda:

1º Aprobar, imputar e aboar as seguintes facturas con cargo a citada subvención, tal e como segue:

Rexistro	Data Fact.	Núm. factura	Razón Social/CIF	Importe Total a aboar (con IVE)	Importe Imputado á subvención (con IVE)
16/402	26/02/2016	N16-427	HÉRCULES DE EDICIONES CIF. xxxxx	59,08 €	59,08 €
16/463	25/02/2016	A08006584	MAYSO (Lucus conti distribucions S.L.) CIF. xxxxx	444,06 €	444,06 €

2º Comunicar este acordo á Tesourería do Concello de Boqueixón para que proceda a realizar o pago das facturas reflectidas no punto anterior.

14. Xustificación subvención “Mellora e acondicionamento de parques infantís en Codeso e Lestedo”. Ano 2015

No BOP nº 209 do 31 de outubro 2014 saíu publicada a convocatoria de subvención para investimentos de promoción económica dirixida a concellos e outras entidades locais para o ano 2015.

Por Resolución de alcaldía con data do 4 de decembro de 2014, acordouse solicitar unha subvención para o programa denominado Mellora e acondicionamento de parques infantís en Codeso e Lestedo.

Con data de 1 de abril de 2015 publicouse no BOP. núm. 61 a Resolución número 6.334 de concesión definitiva na que se aproba a concesión dunha subvención de 8.982,38 € para o Programa Mellora e acondicionamento de parques infantís en Codeso e Lestedo. Cód. Exp.: 2014990005757.

Na resolución de alcaldía dictada o día 23 de xullo, adxudicouse o contrato do suministro dos parques infantís en Codeso e Lestedo por un importe de 8.931,18 euros á empresa Galopín Playgrounds, SL, por presentar a oferta máis ventaxosa.

Con data do 12 de agosto de 2015 recíbese no rexistro municipal (15/1600) a factura correspondente ó suministro polo importe de adxudicación que foi de 8.931,18 euros. Con data do 28 de agosto de 2015 procedeuse ó pagamento da factura.

Concepto aprobado na concesión	Datos do acredor		Documento xustificativo				Importe imputado	
	NOME Nome e	NIF	Concepto do xustificante	Tipo de docume	Data document	Nº Documen	Importe do documento	Importe imputado

	apelidos (persoas físicas) Nome de empresa/entidade completo			nto	o	to	Data de pago	(Indicar só si non coincide co importe imputado)	
Parque Codeso: "columpio doble eco, gusanito, nubes" Parque Lestedo: "Casa Torcida con Tobogán e rocódromo, columpio dos asientos mixto inox. Cartel con marco".	Galopín Playgrounds, SL	B-15640469	Programa Mellora e acondicionamento de parques infantís en Codeso e Lestedo. Cód. Exp.: 2014990005757.	Factura	31/07/15	FAC-2015/506	28/08/2015		8.931,18 €

Á vista do cal, téndose cumpridos todos os requisitos necesarios para a xustificación da subvención concedida, acordo:

IMPORTE TOTAL XUSTIFICADO	8.931,18 €
----------------------------------	-------------------

1. Imputar a seguinte relación clasificada de gastos realizados, con identificación do nome da empresa, NIF, concepto, tipo de documento, data do documento, número de documento, data de pago..

2.- Aprobar a memoria xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación do investimento realizado e dos resultados obtidos, das desviacións acaecidas, etc, asinado dixitalmente

3.- Que os xustificantes de pago da subvención referenciada, non foron presentados como xustificantes en convocatorias anteriores.

4.- Que a entidade executou a publicidade da colaboración financeira da Deputación da Coruña na información que realizou do desenvolvemento das actividades ou investimentos do proxecto de subvención.

5.- Que non se obtivo ningunha outra subvención, nin axuda económica para o mesmo obxecto.

6.- Que se cumpriu a finalidade da subvención mediante a realización da actividade para a que foi concedida.

7.- Comunicar este acordo á Deputación da Coruña.

15. Punto de urxencia

Motívase a urxencia deste punto no seguinte:

Nesta mesma data (17-03-2016), ten entrada no rexistro co número 16/531 o proxecto de conservación e reparación da Ponte Ledesma, redactado por dona Elizabeth Abalo xunto co certificado de monumentalidade, informe de supervisión do proxecto, informe da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural e resolución de autorización para execución das obras.

Todo isto remitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ao concello para a tramitación correspondente.

Tendo en conta que é necesario asinar un convenio entre o Concello de Boqueixón, Concello de Vila de Cruces (afectado así mesmo, por estas obras) e a Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, para a execución deste proxecto.

Considerando a urxencia da execución destas obras e en consecuencia a aprobación do referido convenio á maior brevidade para o cal se debe aprobar o proxecto e a dispoñibilidade dos terreos, procede aprobar a urxencia deste punto e incluílo na orde do día desta sesión.

Polo que, a Xunta de Goberno acorda:

1. Aprobar a urxencia deste punto.
2. Aprobar o proxecto de conservación e reparación da Ponte Ledesma, cun orzamento de 60.475,80 € IVE incluído.
3. Poñer a disposición da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, libres de cargas e gravames, todos os terreos (municipais) necesarios para a normal execución destas obras.
4. Renunciar expresamente a calquer tipo de tributo con motivo das obras.
5. Asumir, unha vez recepcionadas as obras pola consellería e logo da comunicación por parte desta ó concello, a xestión, mantemento e conservación do inmovible de titularidade municipal.

16. Rogos e Preguntas

Non hai.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto a acta como secretaria.

A secretaria

Visto e prace

O alcalde